

AO PECHE - SOCIAIS - O CLIMA E A PAISAXE

10. Completa as seguintes frases coa palabra axeitada.

perpendiculares ● suaviza ● térmica ● altitude
latitude ● frío ● diminúe ● calor
frío ● diminúe ● calor

Os raios solares chegan ____ ao Ecuador. Por iso vai máis ____ canto máis nos aproximamos a este punto.

A distancia entre calquera punto do planeta e o Ecuador denomínase ____ .
A maior latitude a temperatura ____ .

O mar ____ as temperaturas. Nas áreas próximas á costa a oscilación ____ é menor que no interior.

A ____ descende canto maior é a ____ . Por iso nas montañas vai máis ____ que na costa.

11. Relaciona cada concepto coa súa definición.

Cabo	Entrantes de terra no mar.
Golfo	Entrantes de mar na terra.
Baía	Extensións de terra rodeadas de mar por todas as partes menos por unha.
Península	Terreos rodeados de auga por todas partes.
Illa	Costas rochosas con grandes pendentes sobre o mar.
Acantilado	Elevacións do terreo que non superan os 200 metros.
Ría	Entrante de mar na terra aproveitando a desembocadura dun río.
Montañas	Entrantes pequenos de mar na terra.
Outeiros	Elevacións de terreo que superan os 200 metros.
Mesetas	Terreos chans moi altos con respecto ao nivel do mar.

12. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

1. As paisaxes son resultado da acción da natureza e da acción do ser humano.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

3. As paisaxes de costa alta teñen moitos acantilados e poucas praias.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

4. As paisaxes de costa baixa fórmanse ao chegar ao mar terreos chans.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

5. As paisaxes de montaña están formadas por outeiros e depresións.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

6. Nas paisaxes rurais predominan as actividades agrarias, gandeiras e forestais.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

14. Relaciona cada clima coa súa paisaxe correspondente:

Clima polar	Bosque boreal, taiga ou pradaría e estepa
Clima ecuatorial	Deserto
Clima tropical	Sabana
Clima continental	Bosque tropical
Clima oceánico	Bosque perennifolio
Clima desértico	Tundra
Clima mediterráneo	Bosque caducifolio

16. Indica de que tipo de clima estamos a falar.

1. Temperaturas altas durante todo o ano e precipitacións escasas.
2. Temperaturas altas no verán e suaves no inverno e precipitacións escasas ao longo de todo o ano.
3. Temperaturas suaves durante todo o ano e precipitacións abundantes.
4. Temperaturas moi frescas no verán, moi frías durante o inverno e precipitacións abundantes.

18. Relaciona cada clima co seu lugar.

Illas Canarias	Montaña
Os Pireneos	Mediterráneo
Interior, meseta	Subtropical
Norte da Península	Oceánico
Illas Baleares	Continental

21. O clima dun lugar determínase principalmente...

- ☐ ... polas temperaturas e as precipitacións.
- ☐ ... polas temperaturas e a humidade.
- ☐ ... polas precipitacións e a humidade.
- ☐ ... pola presión atmosférica e as temperaturas.

22. Selecciona en cada caso de que tipo de paisaxe estamos a falar.

1. Campo de xirasoles
2. Unha presa
3. Un glaciar
4. Vivendas nun val
5. Unha vía pecuaria

23. Cal das seguintes paisaxes non é propia da zona climática indicada?

Clima frío:

- ☐ Tundra
- ☐ Paisaxe de montaña
- ☐ Bosque perennifolio

Clima cálido:

- ☐ Sabana
- ☐ Bosque caducifolio
- ☐ Bosque tropical
- ☐ Bosque ecuatorial

Clima temperado:

- ☐ Taiga
- ☐ Estepa
- ☐ Bosque caducifolio
- ☐ Todas as anteriores son correctas

1. Europa é o continente máis grande da Terra.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

2. As depresións máis importantes da Península Ibérica son a do Ebro e a do Volga.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

3. En Europa predominan o clima continental e oceánico.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

4. Os Montes de Toledo atópanse dentro da Submeseta Sur.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso